

NORMATIVA POLA QUE SE REGULAN AS ENSINANZAS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO NA UDC

Aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión de 27 de xuño de 2012
Modificada por Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013
Modificada por Consello de Goberno do 29 de setembro de 2015
Modificada por Consello de Goberno do 23 de febreiro de 2017

(texto consolidado)

PREÁMBULO

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 21 de decembro, o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e a Lei orgánica 4/2011, de 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sostible, desenvolvida mediante o Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, determinan o marco normativo para a ordenación, a verificación e a acreditación das ensinanzas universitarias oficiais.

Mediante a publicación do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolvido mediante a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 20 de marzo de 2012, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establece un novo marco regulador do procedemento e as condicións para a obtención, polas universidades do Sistema Universitario de Galicia da autorización para impartiren as ensinanzas universitarias oficiais conducentes aos títulos de grao, mestrado universitario e doutoramento, así como a súa modificación e supresión.

Consonte o novo marco normativo e considerando case superada a fase de transformación das titulacións da anterior ordenación académica no contexto da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), a Universidade da Coruña, desde a experiencia extraída coa implantación das ensinanzas de grao e mestrado, debe adaptar as súas propias normas e regulamentos para procurar unha oferta académica racional, que teña garantía de continuidade no tempo e que articule de maneira coherente as ensinanzas de grao e mestrado desde a potencialidade dos seus propios recursos e a colaboración no marco do Sistema Universitario Galego (SUG), con outras universidades españolas e de ámbito internacional.

A experiencia acumulada na transición ao novo modelo de ensinanza derivado do EEES, deberá aproveitarse para deseñar programas formativos de calidade que permitan acadar unha posición relevante no ámbito estatal e internacional. Neste sentido, a procura de referentes estatais ou internacionais de prestixio á hora de elaborar e, no seu caso, modificar os plans de estudos constituirá un aval considerable ao permitir valorar a adecuación da proposta contrastándoa a criterios externos. Igualmente, para modular a capacidade profesionalizadora e a potencialidade de inserción no ámbito sociolaboral das ensinanzas de grao, será moi estimable a consideración de criterios emanados do campo profesional de referencia para a titulación.

TÍTULO I: ENSINANZAS DE GRAO

CAPÍTULO I: PRINCIPIOS XERAIS E REQUISITOS

Artigo 1.º Principios xerais

Consonte o previsto na lexislación vixente mencionada e as liñas de acción desenvoltas na UDC no proceso de implantación das ensinanzas de grao, os programas formativos para este nivel de estudos terán en conta os seguintes principios xerais:

1. O deseño do proceso de ensino-aprendizaxe orientarase cara á adquisición de competencias que posibiliten a formación permanente ao longo da vida e proxecten unha mellor profesionalización das persoas tituladas.
2. As metodoloxías de ensino-aprendizaxe e os procedementos de avaliación terán en conta as características do sistema ECTS, na procura dun ensino centrado na aprendizaxe dos estudantes.
3. A estrutura académica e organizativa atenderá a criterios de flexibilidade e interdisciplinidade, co fin de garantir, desde a racionalidade académica, a mobilidade dos estudantes entre as titulacións da UDC e entre as da nosa universidade e outras universidades españolas e europeas.
4. A planificación, implantación, e, de ser o caso, a modificación dos programas formativos farase de maneira funcional e realista, aproveitando as sinerxías e oportunidades que ofrecen os recursos humanos e materiais existentes.
5. Procurárase o aproveitamento das oportunidades vinculadas ao sistema de garantía de calidade tanto na implantación dos estudos como no seu seguimento e posterior acreditación.
6. Poñerase en valor o desenvolvemento de actividades e programas de asesoramento e acción tutorial para informar e orientar o estudiantado.
7. A proxección dos estudos no ámbito sociolaboral promovendo o desenvolvemento de prácticas pre-profesionais que faciliten a inserción laboral do alumnado egresado.
8. Os plans de estudo dos graos garantirán, a través das materias e actividades que os conforman, a obtención das competencias básicas necesarias. Así mesmo promoverán unha formación presidida polos valores propios dunha cultura de paz, valores democráticos e de respecto aos dereitos fundamentais, humanos, de igualdade entre homes e mulleres e aos principios de accesibilidade universal e deseño para todos, reflectidos na lexislación de aplicación vixente.

Artigo 2.º Requisitos

1. De acordo co previsto no art. 5.1 do Decreto 222/2011 do 2 de decembro os títulos oficiais de grao que as universidades soliciten implantar deberán cumprir, polo menos, dous dos seguintes requisitos:
 - a) Ser interuniversitario, polo que deberán participar, cando menos, dúas universidades do SUG.
 - b) Incluír actividades docentes e de avaliación en rede.
 - c) Ter un deseño curricular que favoreza a empregabilidade.
 - d) Favorecer a retención de talento no ámbito socioeconómico galego.

En todo caso, deberase evitar a especialización temperá e excesiva, polo que se estruturarán os estudos, preferentemente, a partir dun modelo que recolla materias compartidas nos primeiros cursos de diversos estudos e unha diversificación adecuada nos últimos cursos, co obxectivo de facilitar a mobilidade do estudantado entre as diversas opcións e mellorar a eficiencia no uso dos recursos.

2. Segundo o establecido no artigo 6.1. do mencionado decreto, e sen prexuízo da situación establecida pola súa disposición transitoria primeira, nas ensinanzas universitarias oficiais de grao deberase demostrar que a titulación proposta terá un número anual de estudantes de novo ingreso de acordo coa oferta autorizada pola Conferencia Xeral de Política Universitaria e, en todo caso, nunca por debaixo de 50, no campus da Coruña, e de 45 no campus de Ferrol. Para estes efectos, as ensinanzas universitarias oficiais que se impartan en varios campus consideraranse independentes.

CAPÍTULO II. ESTRUCTURA DOS PLANS DE ESTUDO DE GRAO

Artigo 3.º Organización dos plans de estudo

As seguintes indicacións e recomendacións establécense para as titulacións de grao, exceptuadas, no que corresponda, aquelas que teñan directivas comunitarias propias e, segundo o previsto no artigo 12.9 do RD 1393/2007, as que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas no contexto español.

1. Asignación de créditos:

1.1. As ensinanzas de grao organizaranse en plans de estudos que terán entre 180 e 240 créditos ECTS, sen prexuízo daqueles plans de estudos correspondentes a títulos que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España, que conterán toda a formación teórica e práctica que o estudante debe adquirir.

Nos casos en que unha titulación de Grao teña menos de 240 créditos, arbitraranse mecanismos que complementen o número de créditos de Grao co número de créditos de Máster, de xeito que se garanta que a formación de Grao é xeneralista e os contidos de Máster se orienten cara a unha mellor especialización.

1.2. Os plans de estudo de grao estruturaranse en créditos europeos (ECTS), definidos de acordo co establecido no RD 1125/2003. Na UDC un crédito europeo correspóndese con 25 horas de traballo do estudante encamiñado a cumprir os obxectivos do programa de estudos e considerando que 10 horas, como máximo, fan referencia a actividade presencial. Enténdese por "horas presenciais" aquelas que figuran no calendario escolar e nas que a actividade se realiza nas aulas, seminarios e laboratorios, así como as horas de titoría programadas, as dedicadas a exames e mais á presentación/discusión de traballos. Os tipos de actividades formativas coordinaranse co encargo docente do PDI.

1.3. Nos plans de estudos establecerase o carácter dos créditos mediante a especificación de se se trata de créditos correspondentes a:

- a) Materias de formación básica
- b) Materias obrigatorias
- c) Materias optativas
- d) Créditos por actividades recollidas no artigo 12.8 do RD 1393/2007, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo;
- e) Prácticas externas
- f) Traballo de fin de grao

1.4. A anterior distribución de créditos aterase aos requisitos que recolle o RD 1393/2007, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, e no presente documento.

1.5. Todas as propostas de plans de estudos asumirán que un estudante realice os estudos de grao en cursos académicos de 40 semanas e 1500 horas. Este tempo inclúe as ensinanzas teóricas e prácticas, a realización de seminarios, os traballos, as actividades prácticas ou os proxectos, as horas de estudo, así como as horas dedicadas á preparación ou realización das probas de avaliación. Terase en conta, igualmente, a posibilidade de cursar estudos a tempo parcial, axustándose ao previsto na norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña, aprobada polo Consello de Goberno o 29/5/2012.

2. Organización das ensinanzas de grao

2.1. A estrutura das ensinanzas de grao será preferentemente cuadrimestral. O plan de estudos garantirá unha distribución equilibrada dos créditos entre os dous cuadrimestres.

2.2. Como norma xeral, no deseño dos plans de estudos de titulacións adscritas a unha mesma rama de coñecemento e, de ser o caso, de conxuntos de titulacións afíns, promoverase unha estrutura en árbore, cun amplo tronco común na primeira metade do plan de estudos e unha progresiva diversificación axustada ás competencias específicas de cada título de grao.

2.3. De acordo co previsto polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo que modifica o Real decreto 1393/2007, no art. 9.3. o deseño dos títulos de grao poderá incorporar mencións alusivas a itinerarios ou intensificacións curriculares sempre que estas foren previstas na memoria do plan de estudos para efectos do procedemento de verificación a que se refiren os artigos 24 e 25 deste real decreto. Nestes casos a parte curricular diferenciada de cada itinerario académico estará constituída por unha oferta de entre 60 e 120 créditos.

2.4. As ensinanzas de grao poderán estruturarse en módulos, materias e disciplinas.

2.4.1 Os módulos defínense como unidades de aprendizaxe con obxectivos comúns, criterios de avaliación coherentes e que agrupan materias ou disciplinas que se consideran relacionadas cara á consecución de determinadas competencias e unidas na súa oferta e seguimento por parte do estudante. Aos módulos asignaráselles un mínimo de 12 créditos.

2.4.2. As materias correspóndense con saberes científicos e poderán dividirse en disciplinas, aínda que poderán establecerse materias cunha única disciplina. Dentro da estrutura das disciplinas que se estableza deberán distinguirse, cando menos, as ensinanzas teóricas, as ensinanzas prácticas, os seminarios e outras actividades, o traballo persoal do estudante e a avaliación. Con carácter xeral, as disciplinas serán de 6 créditos e cuadrimestrais. Excepcionalmente, e por razóns xustificadas que deberán autorizarse, poderán incorporarse aos plans de estudo disciplinas de carácter anual, de 9 créditos, e disciplinas optativas, de 4,5 créditos, que serán cuadrimestrais.

2.5. Materias de formación básica: o RD 1393/2007, modificado polo RD 861/2010 e polo RD 43/2015, establece no seu artigo 12.5 que o plan de estudos deberá conter un número de créditos de formación básica que alcance, polo menos, o 25 por cento do total dos créditos do título. Dos créditos de formación básica, polo menos o 60 por cento serán créditos vinculados a algunhas das materias que figuran no anexo II deste real decreto para a rama de coñecemento a que se pretenda adscribir o título e deberán concretarse

en disciplinas cun mínimo de 6 créditos cada unha, que deberán ser ofertadas na primeira metade do plan de estudos.

Os créditos restantes, se for o caso, deberán estar configurados por materias básicas da mesma ou doutras ramas de coñecemento das incluídas no anexo II, ou por outras materias, sempre que se xustifique o seu carácter básico para a formación inicial do estudante ou o seu carácter transversal.

Co obxectivo de facilitar a mobilidade efectiva e a transferencia e recoñecemento de créditos, a UDC promoverá a adopción de acordos entre as titulacións adscritas a unha mesma rama de coñecemento e, de ser o caso, entre conxuntos de titulacións afíns, para deseñar unha formación básica co maior grao de coincidencia posible.

2.6. Materias ou disciplinas obrigatorias: son aquelas que a Universidade inclúe no plano de estudos para que sexan cursadas e superadas por todos os estudantes matriculados na titulación.

2.7. Materias ou disciplinas optativas: son aquelas que se inclúen e ofertan nun plan de estudos para que o estudantado poida escoller entre a oferta que deseñe o título de grao correspondente e ofertaranse na segunda metade do plan de estudos.

Os plans de estudo dos títulos de grao poderán incluír materias ou disciplinas optativas tendo en conta o seguinte:

- a) O número máximo de créditos optativos que pode ter que cursar un estudante para a obtención do título é de 36.
- b) O número máximo de créditos optativos que pode ofertar un plan de estudos é de 72. A ratio de oferta será de entre 2 e 3 créditos ofertados por cada crédito optativo que deba cursar o estudante, sempre que a oferta de optativas non supere os 72 créditos e que o número total de créditos da titulación non supere os 276 créditos.

O plan de organización docente (POD) establecerá a oferta de materias ou disciplinas optativas para cada curso académico, en función da tendencia demostrada de matrícula de cada unha delas. En todo caso, e en relación coa capacidade docente, poderá establecerse un límite máximo de estudantes que poderán cursar a materia ou disciplina optativa.

2.8. Prácticas externas: os plans de estudo de títulos de grao poderán programar prácticas externas, que deberán ofrecerse preferentemente na segunda metade do plan de estudos e cunha extensión máxima do 25 por cento do total dos créditos do título.

As ditas prácticas atenderán ao previsto no Real decreto 592/2014, de 11 de xuño, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios e ao Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da UDC. Poderán ofertarse con carácter obrigatorio e será necesario facer constar na memoria de verificación a súa planificación, con referencia expresa aos convenios e acordos con entidades ou empresas que as fagan posibles para todo o alumnado que se incorpore na oferta académica anual e deixando aberta a posibilidade de incorporar novos convenios no futuro.

No caso de prácticas optativas esixirase igualmente unha memoria que xustifique a súa viabilidade e, así mesmo, poderá existir un límite de prazas na oferta destas prácticas. A selección do alumnado basearase en criterios académicos públicos.

2.9. Traballo fin de grao: os plans de estudos de grao deberán incluír un mínimo de 6 créditos e un máximo do 12,5 por cento do total dos créditos do título destinados a realizar un Traballo de Fin de Grao (TFG) na fase final do plan de estudos. Para formalizar a matrícula do TFG, que se realizará conforme ao establecido na Normativa da UDC para a matrícula e defensa do TFG, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos, para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e ter superados todos os da primeira metade do grao. Non obstante poderá matricularse do TFG, sen ter superadas todas as materias da primeira metade, cando o número total de créditos pendentes sexa igual ou inferior a 30 créditos, sen contar os que correspondan ao TFG.

Aqueles alumnos que estean en posesión dun título universitario oficial correspondente á ordenación académica anterior e accedan ao Grao equivalente ou que proveña da súa titulación, poderán realizar a matrícula do TFG sempre que se matriculen de todos os créditos que lles restan para finalizar os seus estudos, ate o máximo sinalado no parágrafo anterior, con independencia do curso das materias matriculadas.

2.10. Recoñecemento académico de créditos por participación en determinadas actividades: de acordo co art. 46.2. i) da Lei orgánica 6/2001, os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Deste modo, para tales efectos, o plan de estudos deberá recoller a posibilidade de que os estudantes obteñan un recoñecemento de, polo menos, 6 créditos sobre o total do dito plan de estudos pola súa participación nas mencionadas actividades segundo o RD 861/2010 que modifica o RD 1393/2007.

O recoñecemento destas actividades na UDC atenderá ao establecido na norma aprobada polo Consello de Goberno.

TÍTULO II: ENSINANZAS DE MESTRADO UNIVERSITARIO

CAPÍTULO I. PRINCIPIOS XERAIS E REQUISITOS

Artigo 4.º Principios xerais

Os mestrados universitarios, consonte co seu nivel de especialización e en liña co sinalado para os graos atenderán ao previsto nos seguintes principios xerais:

1. As ensinanzas de mestrado universitario teñen como finalidade a adquisición por parte do estudante dunha formación avanzada, de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada a especialización profesional, ou ben a promover a iniciación a tarefas investigadoras.

2. O mestrado universitario deberá establecer, a efectos da verificación, claramente a súa orientación: profesional ou investigadora.

A UDC velará por que a denominación do título sexa coherente co contido do mestrado universitario e non induza a erro nin confusión sobre o seu nivel, os seus efectos académicos e, no seu caso, sobre os seus efectos profesionais.

3. A estrutura académica e organizativa atenderá a criterios de flexibilidade e interdisciplinariedade, co fin de garantir, desde a racionalidade académica, a mobilidade dos estudantes entre as universidades do sistema universitario galego, e con outras universidades españolas e europeas.

4. O deseño do proceso de ensino-aprendizaxe orientarase cara á adquisición de competencias que faciliten a formación permanente ao longo da vida e proxecten unha mellor profesionalización das persoas tituladas.
5. As metodoloxías de ensino-aprendizaxe e os procedementos de avaliación terán en conta as características do sistema ECTS, na procura dun ensino centrado na aprendizaxe dos estudantes
6. A planificación, implantación, e, de ser o caso, a modificación dos programas formativos farase de maneira funcional e realista, aproveitando as sinerxías e oportunidades que ofrecen os recursos humanos e materiais existentes.
7. Procurárase o aproveitamento das oportunidades vinculadas ao sistema de garantía de calidade tanto na implantación dos estudos como no seu seguimento e posterior acreditación.
8. Poñerase en valor o desenvolvemento de actividades e programas de asesoramento e acción tutorial para informar e orientar o estudiantado.
9. Os plans de estudo dos mestrados garantirán, a través das materias e actividades que os conforman, unha formación presidida polos valores propios dunha cultura de paz, valores democráticos e de respecto aos dereitos fundamentais, humanos, de igualdade entre homes e mulleres, reflectidos na lexislación de aplicación vixente, así como a obtención das competencias necesarias.

Artigo 5.º Requisitos

1. Os títulos oficiais de mestrado universitario deberán cumprir os seguintes requisitos xerais, de acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro:
 - 1.1. Deberán ter en conta a estrutura económica da comunidade autónoma, as necesidades do seu mercado laboral e a existencia dunha demanda real por parte da sociedade e do estudiantado, procurando a incorporación de perfís profesionais de futuro e vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia.
 - 1.2. Deberán ter un carácter esencial ou estratéxico para dar resposta ás necesidades formativas e científicas do Sistema Universitario de Galicia.
 - 1.3. Deberán acreditar a súa viabilidade económica, atendendo aos recursos dispoñibles.
 - 1.4. Deberá fomentarse o espírito emprendedor e o autoemprego.
 - 1.5. Deberán terse en conta cuestións de oportunidade, innovación docente e investigadora, así como a súa incardinación en redes internacionais de calidade e coherencia cos plans estratéxicos das universidades.
 - 1.6. Deberán incluír unha descrición dos mecanismos que permitan, de ser o caso, unha revisión da titulación de se produciren cambios significativos na demanda por parte da sociedade, dos/as estudantes e do ámbito económico e profesional.
 - 1.7. Non poderán coincidir con obxectivos e contidos doutros títulos oficiais existentes na universidade, co fin de evitar a multiplicidade de títulos. Entenderase que existe duplicidade cando houber unha coincidencia de materias impartidas superior ao cincuenta por cento dos seus créditos.

1.8. Deberán xustificar o encadramento da proposta dentro da oferta global galega, co fin de garantir o equilibrio nos diferentes campus, e potenciar a súa singularidade dentro do Sistema Universitario de Galicia.

2. Os títulos oficiais de mestrado universitario deberán cumprir tres dos seguintes requisitos específicos, de acordo co establecido no apartado 2 do artigo 5 do do Decreto 222/2011, do 2 de decembro:

- a) Ser interuniversitarios.
- b) Outorgar competencias profesionais.
- c) Ter unha orientación laboral ou práctica.
- d) Xustificar o apoio e a colaboración de empresas e institucións do ámbito socioeconómico.
- e) Ter garantidas as prácticas do estudiantado, no caso de estaren establecidas na memoria da titulación.
- f) Cubrir a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral.
- g) Ter carácter internacional.

3. Ao abeiro do establecido no apartado 2 do artigo 6 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, nas ensinanzas universitarias oficiais de mestrado universitario demostrárase que a titulación proposta terá un número anual de estudantes de novo ingreso non inferior a 20.

Así mesmo, en todo caso, a impartición efectiva dun título oficial de mestrado universitario queda condicionada ao cumprimento de que exista ese número mínimo de alumnos matriculados antes do inicio do período lectivo en cada curso académico.

CAPÍTULO II. ESTRUCTURA DOS PLANS DE ESTUDOS DE MESTRADO UNIVERSITARIO

Artigo 6.º Organización dos plans de estudo

1. Os plans de estudo de mestrado universitario estruturaránse en créditos europeos (ECTS), definidos de acordo co establecido no RD 1125/2003, do 5 de setembro.

Na UDC un crédito europeo correspóndese con 25 horas de traballo do estudante, encamiñadas a cumprir os obxectivos do programa de estudos. Destas 25 horas, un máximo de 10 refírense a actividade presencial, entendéndose por "horas presenciais" aquelas que figuran no calendario académico e nas que a actividade se realiza nas aulas, seminarios e laboratorios, así como as horas de tutoría programadas, as dedicadas a exames e á presentación ou discusión de traballos.

2. Os mestrados universitarios poderán ter unha estrutura de 60, 90 ou 120 créditos ECTS e conterán toda a formación teórica e práctica que o estudante deba adquirir.

3. Nos plans de estudo establecerase o carácter dos créditos mediante a especificación de se se trata de créditos correspondentes a:

- a) Materias obrigatorias.
- b) Materias optativas.
- c) Prácticas externas.
- d) Traballo de fin de mestrado (TFM).

4. Como norma xeral, a estrutura das ensinanzas terá carácter cuatrimestral, coa garantía dunha distribución equilibrada entre os dous cuatrimestres do curso académico.

5. As ensinanzas de mestrado universitario poderán estruturarse en módulos, materias e disciplinas.

5.1. Os módulos defínense como unidades de aprendizaxe con obxectivos comúns, criterios de avaliación coherentes e que agrupan materias ou disciplinas que contribúen conxunta e coordinadamente á consecución dunhas determinadas competencias. Cada módulo debe estar formado por un mínimo de 12 créditos.

5.2. As materias correspóndense con saberes científicos e poderán dividirse en disciplinas, mais tamén poderán establecerse materias cunha única disciplina. As disciplinas ou as materias, no caso de coincidiren, serán de 6 ou 3 créditos, aínda que excepcionalmente se poderán admitir disciplinas e materias de 4,5 créditos.

6. A distribución de créditos aterase aos requisitos establecidos na normativa vixente e no presente documento. Os créditos de mestrado universitario estruturarase do seguinte xeito:

6.1. Os créditos que deberá cursar un estudante, correspondentes a materias obrigatorias e optativas –incluídas, de ser o caso, as prácticas externas optativas– serán como mínimo do 50% do total de créditos previstos para acadar o título de mestrado. Os créditos restantes corresponderán a prácticas externas obrigatorias e ao traballo de fin de mestrado.

6.1.1. Créditos obrigatorios: do total de créditos correspondentes a materias obrigatorias e optativas –incluídas, de ser o caso, as prácticas externas optativas– que o estudante debe cursar para acadar o título de mestrado, como mínimo o 50% serán créditos de materias ou disciplinas de carácter obrigatorio.

6.1.2. Créditos optativos: a ratio de oferta de créditos optativos será, como máximo, de 2 créditos por cada crédito optativo que teña que cursar o estudante.

6.1.3. O traballo de fin de mestrado defenderase unha vez que se supere o resto dos créditos da titulación. No plan de estudos do mestrado deberá establecerse a titorización, a avaliación e os procedementos de realización do devandito traballo, sempre supervisado polas persoas responsables, ou comisión correspondente se houber, do mestrado universitario. O número de créditos asignados ao traballo de fin de mestrado terá entre 6 e 12 créditos, excepto naqueles mestrados de carácter investigador ou que habiliten para o exercicio de actividades profesionais, que poderán ter entre 12 e 30 créditos.

6.1.4. Prácticas externas: poderán ofertarse con carácter obrigatorio ou optativo. Nos mestrados de orientación profesional serán preferentemente obrigatorias. En calquera das dúas opcións, no proxecto de implantación, deberá incorporarse un plan de viabilidade que avale a realización das prácticas.

6.2. No caso dun mestrado con especialidades un 50% dos créditos (30/45/60 créditos segundo o caso) máis os créditos correspondentes ao traballo de fin de mestrado serán comúns ás especialidades. As materias comúns serán de carácter obrigatorio. En cada especialidade o número de créditos restantes estará formado por materias de carácter obrigatorio. O número máximo de especialidades será 3.

7. No caso dos mestrados universitarios de carácter interuniversitario en que participe a UDC, o Consello de Goberno poderá establecer unha excepción con algún dos requisitos dos apartados correspondentes ao punto 6, sempre que se consideren estratéxico para a UDC e axustándose o máximo posible á estrutura establecida neles.

CAPÍTULO III. COORDINACIÓN DO MESTRADO UNIVERSITARIO E UNIDADES DE XESTIÓN

Artigo 7.º Xestión académica e administrativa

1. Cada mestrado universitario estará coordinado por un profesor-coordinador do mestrado, que será nomeado polo reitor tras a proposta realizada pola xunta de facultade ou de escola de entre o profesorado doutor que imparta docencia no mestrado.
2. Para a selección do alumnado que solicite ser admitido nun mestrado, a dirección de cada centro nomeará unha comisión de selección, que estará presidida polo profesor coordinador do mestrado e terá a composición e as competencias que determine a normativa de xestión académica que se aprobe para cada curso académico.
3. A organización académica de cada mestrado universitario será competencia dunha comisión que pode coincidir coa comisión de selección, coa comisión competente en materia académica do centro ou crearse especificamente con esta finalidade.
4. A xestión académica e o seguimento dos mestrados universitarios levarase a cabo nas mesmas unidades previstas para a xestión dos graos, agás excepcións motivadas e autorizadas pola comisión competente de cada facultade ou escola.

TÍTULO III. VERIFICACIÓN E ACREDITACIÓN; AUTORIZACIÓN DA IMPLANTACIÓN; RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN; PLANS DE VIABILIDADE E MODIFICACIÓN DOS PLANS DE ESTUDO DE TÍTULOS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO

CAPÍTULO I. Verificación e acreditación dos plans de estudo de grao e mestrado universitario

Artigo 8.º Procedemento

Unha vez elaborados os plans de estudo conducentes á obtención de títulos oficiais de grao e mestrado universitario, deberán ser verificados polo Consello de Universidades e acreditados consonte ao establecido nos artigos 24, 25 e 26 do RD 1393/2007, do 29 de outubro.

1. As solicitudes de verificación de plans de estudo de mestrado universitario seguirán o procedemento descrito no título IV desta normativa e respectarán o calendario que figura no anexo I; en todo caso, deberán estar tramitadas antes do 14 de novembro de cada ano.

2. Informe previo de envío á verificación

2.1. Con anterioridade á solicitude de verificación dos plans de estudo polo Consello de Universidades, o departamento competente en materia de universidades, da Comunidade Autónoma de Galicia, realizará un informe previo que comprobe a pertinencia socioeconómica das ensinanzas oficiais propostas, mediante a súa adaptación aos principios e requisitos xerais e específicos mencionados, para o cal poderá solicitar a asistencia da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

2.2. A solicitude de informe previo será presentada ante o departamento competente en materia de universidades, polo reitor, con data límite do 14 de novembro, incluído, do ano anterior ao que se queira implantar. As solicitudes presentaranse no rexistro único da Xunta de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.3. No caso de titulacións interuniversitarias, a solicitude de informe previo será presentada polo reitor da universidade coordinadora e tramitarase un único expediente, sen prexuízo de que a autorización para a implantación da ensinanza se realice para cada unha das universidades do SUG participante.

2.4. No caso de titulacións interuniversitarias coordinadas por unha universidade non integrada no SUG, as universidades galegas designarán entre elas unha coordinadora para os efectos de lle solicitar á Xunta de Galicia o informe previo de envío a verificación.

2.5. As solicitudes presentadas fóra de prazo non serán admitidas.

2.6. As solicitudes non admitidas por extemporáneas poderán presentarse novamente para o seu informe no curso seguinte.

3. Documentación que debe acompañar a solicitude de informe previo de envío á verificación

3.1. A solicitude de informe previo de envío a verificación deberá acompañarse da seguinte documentación:

- a) Memoria xustificativa, fidedigna e detallada, do cumprimento dos requisitos, xerais e específicos, recollidos nos artigos 4 e 5 do Decreto 222/2011. Estes requisitos acreditaranse, preferentemente, a través de fontes fiables e constatables da estatística pública (anexo I do decreto citado).
- b) Memoria económica que conterá os datos relativos á infraestrutura material, recursos de persoal docente investigador e de persoal de administración e servizos, así como as diferentes fontes de financiamento, segundo o disposto no artigo 7 do Decreto 222/2011 (anexo II do decreto citado).
- c) Certificación do acordo do Consello de Goberno da UDC polo que se propón a implantación das ensinanzas. No suposto de que a iniciativa da implantación da ensinanza sexa da comunidade autónoma, certificación do acordo do Consello de Goberno da UDC de aceptación da dita iniciativa.
- d) Certificación do informe favorable emitido polo Consello Social da UDC, sobre a implantación das ensinanzas.
- e) Memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais nos termos establecidos no anexo I do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo. No suposto de que a memoria resultase modificada no posterior proceso de verificación do título, deberá achegarse unha nova copia en que se indicarán as modificacións efectuadas.
- f) No caso de titulacións conxuntas, copia asinada do convenio en que se deberá facer referencia, como mínimo, á universidade responsable da custodia dos expedientes, da expedición e rexistro do título, e á universidade competente para a tramitación do procedemento de modificación ou extinción dos plans de estudos.
- g) No suposto de convenios con universidades estranxeiras deberá achegarse a certificación do carácter oficial do título expedida pola autoridade competente ou, se for o caso, pola entidade acreditadora. A universidade correspondente do SUG custodiará os expedientes dos títulos que expida.
- h) De non estar formalizado o convenio referido nas letras *f)* e *g)* no momento de se presentar a solicitude de informe previo, deberá achegarse un documento en que conste a vontade de colaboración entre as universidades participantes e a universidade solicitante do informe. En todo caso, a autorización da implantación da titulación quedará supeditada á efectiva formalización do citado convenio.

3.2. A documentación relacionada nas letras a), b) e e) deberá presentarse en formato electrónico.

4. Tramitación do informe previo de envío á verificación. A tramitación do informe previo de envío á verificación realizarase consonte ao disposto nos artigos 10 e 11 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro e ao artigo 6 da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 20 de marzo de 2012, que o desenvolve.

CAPÍTULO II. Autorización da implantación das ensinanzas oficiais de grao e mestrado universitario

Artigo 9.º Procedemento

Unha vez notificada a resolución de verificación positiva do Consello de Universidades o reitor solicitará do departamento correspondente en materia de universidades, da Comunidade Autónoma de Galicia, a autorización para a súa implantación.

1. Documentación que debe acompañar a solicitude de autorización de implantación de ensinanzas oficiais de grao e mestrado Universitario

1.1. Coa solicitude de autorización deberá achegarse:

- a) Copia da resolución de verificación positiva.
- b) Memoria de verificación, no caso de que esta sufrise variacións no proceso de verificación, para valorar se estes cambios supuxeron alteracións substanciais das condicións en que se emitiu o informe previo de envío a verificación.

2. Tramitación da solicitude de autorización de implantación de ensinanzas oficiais de grao e mestrado Universitario

2.1. A tramitación da solicitude de autorización realizarase consonte ao disposto nos apartados 2 a 4 do artigo 12 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro e nos apartados 3 a 5 da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 20 de marzo de 2012, que o desenvolve.

3. Orde de autorización de implantación das ensinanzas oficiais de grao e mestrado universitario e publicación dos plans de estudos

3.1. A orde de autorización de implantación das ensinanzas universitarias oficiais publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e comunicaráselles á universidade e ao ministerio competente en materia de universidades.

3.2. Unha vez aprobado o carácter oficial das ensinanzas universitarias oficiais de grao e mestrado universitario, a Universidade publicará o plan de estudos no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*. A dita publicación incluírá os termos expresados no número 5.1 da memoria contida no anexo I do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

CAPÍTULO III. Renovación da acreditación dos títulos de grao e mestrado universitario

Artigo 10.º Procedemento

1. De acordo co establecido no artigo 13 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro e nos artigos 10 e 11 da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

do 20 de marzo de 2012 que o desenvolve, unha vez iniciada a implantación das ensinanzas correspondentes aos títulos oficiais inscritos no Rexistro Universitario de Centros e Títulos (RUCT), a ACSUG levará a cabo anualmente un seguimento do cumprimento do proxecto contido no plan de estudos verificado polo Consello de Universidades.

2. A renovación da acreditación dos títulos oficiais universitarios realizarase dentro dos seguintes prazos:

- a) Os títulos universitarios oficiais de Grao de 240 créditos deberán renovar a súa acreditación no prazo máximo de seis anos.
- b) Os títulos universitarios oficiais de Grao de 300 créditos, deberán renovar a súa acreditación no prazo máximo de sete anos.
- c) Os títulos universitarios oficiais de Grao de 360 créditos, deberán renovar a súa acreditación no prazo máximo de oito anos.
- d) Os títulos universitarios oficiais de Máster deberán renovar a súa acreditación no prazo máximo de catro anos.

Este prazo contarase dende a data da verificación inicial do título de Grao ou Máster ou dende a data da súa última acreditación.

3. Seis meses antes do vencemento dos prazos referidos no punto anterior, a UDC comunicará ao departamento competente en materia de universidades, da Comunidade Autónoma de Galicia, a solicitude para a renovación da acreditación dos títulos oficiais.

4. Logo de recibir a solicitude, o departamento competente en materia de universidades, remitiralle á ACSUG para os efectos de avaliar que os plans de estudo se están a desenvolver conforme ao proxecto inicialmente verificado e ás recomendacións realizadas durante o proceso de seguimento. A ACSUG establecerá os protocolos de avaliación necesarios para a verificación e acreditación, de acordo con estándares internacionais de calidade e conforme ao disposto no capítulo VI do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

Artigo 11.º Viabilidade

1. Consonte o disposto no artigo 14 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro e sen prexuízo do procedemento regulado no capítulo VI do Real decreto 1393/2007 a Universidade podería ter que elaborar un plan de viabilidade que modifique o plan de estudos dalgún dos seus títulos de modo que os faga máis adecuados á demanda actual.

2. Ao abeiro do acordado no artigo 12 da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 20 de marzo de 2012 e sen prexuízo do previsto nas disposicións transitorias primeira e terceira do Decreto 222/2011, no mes de xaneiro de cada ano, a Universidade deberá remitirle ao departamento competente en materia de universidades da Comunidade Autónoma de Galicia a documentación necesaria que acredite o número de alumnos de novo ingreso efectivamente matriculados en cada unha das titulacións oficiais ofertadas para ese curso académico.

3. No caso de que a media do número de alumnos de novo ingreso durante os últimos tres cursos nunha titulación oficial fose inferior ao establecido no artigo 6 do Decreto 222/2011, o departamento competente en materia de universidades requirirá á universidade para que, no prazo máximo de tres meses, presente un plan de viabilidade que modifique o plan de estudos, de modo que faga o título máis axeitado á demanda do ámbito social.

4. O plan de viabilidade será remitido á ACSUG que procederá á súa avaliación e notificará o resultado desta, no prazo dun mes desde a súa recepción, ao departamento competente en materia de universidades, que o someterá a informe do pleno do Consello Galego de Universidades.

5. Emitido o dito informe, o departamento competente en materia de universidades procederá á aprobación do plan de viabilidade mediante resolución que será notificada á Universidade. Para estes efectos, valoraranse as características propias e específicas do título tendo en conta, especialmente, o carácter esencial e singular da titulación. En todo caso, garantirase o acceso do alumnado egresado do Sistema Universitario de Galicia a estudos que permitan a especialización relacionada cos seus estudos previos.

6. Unha vez aprobado o plan de viabilidade, a ACSUG realizará un seguimento anual do cumprimento deste, e informará dos resultados ao Consello Galego de Universidades.

7. O feito de non acadar os obxectivos propostos no plan de viabilidade será causa suficiente de informe desfavorable no proceso de renovación da acreditación do título coas consecuencias que de tal circunstancia se derivaren, segundo o regulado no artigo 27bis do Real decreto 1393/2007.

CAPÍTULO IV. Modificacións dos plans de estudo de títulos de grao e mestrado universitario verificados

Artigo 12.º Procedemento

1. Normativa de aplicación. As modificacións dos plans de estudos conducentes a títulos universitarios oficiais de grao e mestrado universitario serán aprobadas pola UDC na forma que se determina no apartado seguinte, sen prexuízo do disposto con carácter xeral no artigo 28 do Real decreto 1393/2007, na redacción dada polo Real decreto 861/2010 e no artigo 15 do Decreto 222/2011, desenvolvido mediante a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 20 de marzo de 2012, no seu artigo 13.

2. Tramitación da modificación de planos de estudos

2.1. Como consecuencia do proceso de implantación e seguimento dos títulos de grao e mestrado universitario, poderán propoñerse modificacións dos títulos existentes. Estas modificacións non deberán incluír cambios na denominación dos títulos, nos seus obxectivos e nas competencias que acadan as persoas tituladas. No caso contrario a modificación deberá ser tramitada como se fose un novo título.

2.2. As propostas de modificación poderán ser promovidas polas direccións dos centros, polas súas comisións académicas ou pola comisión de calidade que efectúa o seguimento do título. Todas as propostas deberán estar sustentadas nas conclusións do proceso de seguimento do título e como unha proposta de mellora súa.

2.3. Os órganos encargados de elaboraren a proposta de modificación do título nas facultades e nas escolas serán a comisión académica ou a comisión de calidade que efectúa o seguimento do título. No caso de houber modificacións que inclúan cambios na denominación dos títulos, nos seus obxectivos e nas competencias que acadan as persoas tituladas e que poidan derivar nunha nova proposta, constituirase unha comisión redactora desta, que na súa composición se aterá ao previsto no título IV desta normativa. En todo caso as propostas serán aprobadas pola xunta da facultade ou escola.



2.4. As propostas de modificacións seguirán o procedemento establecido no artigo 15 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro e no artigo 13 da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 20 de marzo de 2012, que o desenvolve e respectarán as seguintes condicións:

2.4.1 A solicitude será revisada polas vicerreitorías e servizos competentes en cada un dos ámbitos descritos na memoria do anexo I do Real decreto 1393/2007, que velarán para que se poña a disposición das comisións responsables das modificacións dos plans de estudo a documentación que esixe a normativa estatal e autonómica de aplicación.

2.4.2. A comisión competente en materia de titulacións estudará anualmente as solicitudes recibidas e trasladará a proposta ao Consello de Goberno para a súa aprobación. O calendario de presentación de novas propostas ou modificacións, de ser o caso, de graos e mestrados universitarios será aprobado polo Consello de Goberno por proposta da comisión competente en materia de titulacións.

2.4.3 En todo caso as solicitudes de modificación deberán estar tramitadas antes do 14 de novembro de cada ano.

2.4.4 As modificacións dos títulos existentes serán sometidas a exposición pública no período establecido no mencionado calendario.

2.5. O Consello de Goberno establecerá todas aquelas normas que se estimaren necesarias para o desenvolvemento, adaptación e modificación dos títulos oficiais aos novos marcos normativos que sexan de aplicación.

3. Publicidade das modificacións

3.1. No suposto de que as modificacións non supoñan un cambio na natureza e obxectivos do título e sexan aceptadas, a UDC procederá á publicación das modificacións na súa páxina web.

3.2. No suposto de que as modificacións aceptadas afecten o punto 5.1 da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais, contida no anexo I do Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, a UDC deberá publicar novamente o plan de estudos no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*.

3.3. As modificacións que afecten os termos da denominación do título deberán ser publicadas pola UDC no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*.

TÍTULO IV. SOLICITUDES DE CREACIÓN DE NOVOS TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E DE MESTRADO UNIVERSITARIO

Artigo 13.º Procedemento xeral

1. Os trámites que se deben seguir para efectuar unha proposta de creación de novos títulos oficiais son os seguintes:

1.1. Solicitude formulada polas xuntas de facultade e escola e que se realizará segundo se indica no anexo I do Real decreto 1393/2007, modificado polo Real decreto 861/2011, nos anexos da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 20 de marzo do 2012 e nesta normativa, ou naquelas outras normas que para o seu desenvolvemento se estableceren na UDC.

1.2. A solicitude será revisada polas vicerreitorías e servizos competentes en cada un dos ámbitos descritos na memoria do devandito anexo I do Real decreto 1393/2007 que velarán para que se poñan a disposición das comisións redactoras das propostas a documentación que esixe a normativa estatal e autonómica de aplicación.

1.3. A comisión competente en materia de titulacións estudará anualmente as solicitudes recibidas e trasladará a proposta ao Consello de Goberno para a súa aprobación.

1.4. O calendario de presentación de novas propostas ou modificacións, de ser o caso, de graos e mestrados universitarios será aprobado polo Consello de Goberno por proposta da comisión competente en materia de titulacións.

Artigo 14.º Procedemento de aplicación ás solicitudes de títulos de mestrado universitario

1. As xuntas das facultades e escolas aprobarán e trasladarán as iniciativas de mestrado universitario, se proceder, á comisión da UDC con competencias nestes títulos.

2. Por razóns estratéxicas, o Consello de Goberno da Universidade poderá propoñer de oficio a creación de estudos de mestrado universitario.

3. Cando varios centros da UDC desenvolvan un mestrado universitario de forma conxunta, un deles encargarse da dirección académica e figurará para todos os efectos como responsable do mestrado.

4. Os mestrados de carácter interuniversitario, requirirán a aprobación de convenios entre a UDC e outras universidades españolas ou estranxeiras que cumpran cos requisitos establecidos no artigo 3 do RD 1393/2007, do 29 de outubro.

Artigo 15.º Comisións redactoras dos plans de estudos de novos títulos

1. Cada centro encargará a elaboración do plan de estudos a unha comisión redactora que actuará por delegación da xunta de centro e valorará as achegas que se realicen para estes efectos

2. Para os títulos de grao a comisión estará composta, cando menos, polas seguintes persoas:

- a. O/a decano/a ou director/a do centro, ou persoa en quen delegar.
- b. O/a secretario/a do centro que redactará as actas das reunións e dará fe dos seus acordos
- c. Un representante por cada departamento adscrito ao centro e con docencia no título
- d. Un representante dos departamentos con docencia no centro, mais non adscrito a el.
- e. Dous representantes do estudantado en xunta de centro
- f. Un representante do PAS

No caso de se modificar a composición da comisión nalgún dos sectores mencionados, tal modificación será sometida a aprobación pola xunta do centro e ratificada pola comisión competente en materia de titulacións.

3. Para os títulos de mestrado universitario a comisión estará composta, cando menos, polas seguintes persoas:

- a. O/a decano/a ou director/a do centro, ou persoa en quen delegar.

- b. O/a secretario/a do centro que redactará as actas das reunións e dará fe dos seus acordos.
- c. Un representante do estudantado na xunta de centro.
- d. Un representante do PAS

Os outros membros da comisión serán nomeados pola xunta de facultade ou escola, entre o PDI, considerando a súa pertenza ás áreas de coñecemento ou departamentos relacionados co carácter específico do título.

4. Para os títulos de Grao e Máster Universitario que se desenvolvan de forma conxunta por varios centros da Universidade, a comisión estará composta cando menos polas persoas que se relacionan a continuación, unha vez decidido o centro que se encargue da xestión administrativa do título.

- a. O titular da Vicerreitoría con competencias en materia de título ou persoa na que delegue, que a presidirá.
- b. O/a Decano/a ou Director/a do centro encargado da xestión administrativa do título ou persoa na que delegue.
- c. O/a Secretario/a do centro encargado da xestión administrativa do título.
- d. Dous representantes do estudantado que formen parte da Comisión de Plano de Estudos delegada Consello de Goberno.
- e. Un representante do Persoal de Administración e Servizos destinado no centro encargado da xestión administrativa do título.

Os outros membros da comisión serán nomeados entre o Persoal Docente e Investigador, considerando a súa pertenza ás áreas de coñecemento ou Departamentos relacionados co carácter específico do título.

Tamén poderán formar parte da comisión persoas pertencentes a sectores profesionais ou institucionais que teñan relación co título.

Todos os membros das comisións redactoras dos planes de estudos destes títulos serán nomeados polo Reitor da Universidade.

TÍTULO V. EXTINCIÓN DOS PLANS DE ESTUDO, SUPRESIÓN DAS ENSINANZAS E REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE IMPLANTACIÓN

Art. 16.º Extinción dos plans de estudo

1. Consonte ao establecido no artigo 16 do Decreto 222/2011, entenderase extinguido un plan de estudos de grao ou de mestrado universitario, cando non supere o proceso de renovación da acreditación mencionado no apartado 3 do punto IV desta normativa, o cal comportará a perda do seu carácter oficial e a revogación da autorización para a súa impartición.

2. O órgano competente e o procedemento que cumpra seguir serán os establecidos nos apartados 2 e 3, do artigo 15 da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 20 de marzo de 2012.

Artigo 17.º Supresión das ensinanzas

1. De acordo co disposto no artigo 17 do Decreto 222/2011, o departamento competente en materia de universidades da Comunidade Autónoma de Galicia, poderá acordar a supresión das ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial, ben por propia iniciativa, co acordo do Consello de Goberno da UDC, ben por iniciativa da Universidade, mediante proposta do seu Consello de Goberno, en ambos os

casos con informe previo favorable do Consello Social. En todo caso, a Universidade deberá garantir os dereitos académicos do estudiantado que se atope cursando os ditos estudos.

2. Os trámites correspondentes a este procedemento son os establecidos no artigo 16 da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 20 de marzo de 2012.

Artigo 18.º Revogación da autorización de implantación

1. Segundo o artigo 18 do Decreto 222/2011, se con posterioridade á autorización de implantación da ensinanza oficial se aprecia que a universidade incumpre os requisitos e compromisos adquiridos ao solicitar a súa autorización, o departamento competente en materia de universidades da Comunidade Autónoma de Galicia requirirá á UDC para que no prazo dun mes proceda á regularización da situación. Transcorrido o citado prazo sen que a Universidade efectúe tal regularización, logo de audiencia desta e informe do Consello Galego de Universidades, procederase a acordar a revogación da autorización mediante orde do departamento competente en materia de universidades, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 19.º Causas de revogación da autorización de implantación

1. Consonte se indica no artigo 18 da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 20 de marzo de 2012, serán causas de revogación da autorización de implantación dunha ensinanza oficial:

- 1.1. O incumprimento dos requisitos e compromisos adquiridos ao solicitar a autorización de implantación.
- 1.2. A non impartición dunha titulación.
- 1.3. A extinción do plan de estudos.
- 1.4. A supresión da ensinanza oficial.

2. Os trámites correspondentes ao procedemento de revogación da autorización de implantación son os descritos no artigo 19 da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 20 de marzo de 2012.

Disposición adicional primeira. Asignación de docencia

A asignación de docencia nos graos e mestrados universitarios realizarase segundo as normas que se indiquen desde a vicerreitoría responsable da planificación docente.

Disposición adicional segunda. Acreditación de competencias e transferencia e recoñecemento de créditos

Na elaboración ou modificación do plan de estudos e da memoria do grao terase en conta para estes efectos o previsto na Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) mediante a que se desenvolve o RD 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo RD 861/2010, do 2 de xullo, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, aprobada polo Consello de Goberno o 30 de xuño de 2011.

Disposición adicional terceira. Acceso e admisión



Para o acceso e admisión nos títulos de grao resultará de aplicación o previsto no RD 1892/2008 do 14 de novembro, modificado polo RD 558/2010, do 7 de maio. Para os títulos de mestrado universitario aplicarase o RD 1393/2007, de 29 de outubro, modificado polo RD 861/2010 do 2 de xullo

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas as directrices para a elaboración de propostas de títulos de grao na Universidade da Coruña aprobadas polo Consello de Goberno do 03-04-2008 e a normativa para estudos de máster universitario aprobada polo Consello de Goberno do 22-05-2008.

Disposición final. Desenvolvemento da normativa

Ao abeiro do disposto no artigo 5 da Resolución do 16 de xaneiro de 2012, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da UDC e as competencias dos seus órganos directivos, facúltase ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para ditar as resolucións e instrucións de desenvolvemento desta normativa.